



TERCEIRO CICLO




XENARO E A HUCHA DO INDIANO. Mar Guerra. Edit. Xerais.
A Xenaro complícanse as cousas. Ademais de ter se que afrontar con irmáns Lourido, ten que aturar una nena nova na súa clase.

TON SAWYER. Mark Twain. Edit Anaya.
Esta é a historia de un verán de travesuras, diversión e amizade



EL CORSARIO NEGRO. Emilio Salgari. Edit Anaya.
A vinganza, o amor e a fidelidade a un xuramento dado son os tres elementos que condicionan o comportamento do noso protagonista



MATAPITOS.COM. Gloria Sánchez. Edit Xerais
As meigas chuchonas existen e podémolas atopar camufladas mesmo nos lugares mais insospeitados, mesmo de directoras dunha escola...



EL IMPERTURBABLE HANS. Helen Grant. Edit. Emecé
Un día Katharina desaparece. O medo propágase, polo pobo. Como pode una nena de once anos desaparecer nun pobo onde todo o mundo se coñece?

EL GRAN LIBRO DE LOS SERES FANTÁSTICOS. Ilust. Manuel Calderón. Parramón.
Neste libro poderás descubrir a vida de 44 seres creados pola imaxinación do home



ADULTOS



EL TIEMPO ENTRE COSTURAS.
María Dueñas. Edit Temas de Hoy

LA CAIDA DE LOS GIGANTES.
Ken follet. Plaza & Janés



TODO É SILENCIO Manuel Rivas.
Edit Xerais

GUÍA DE LECTURA

Esta guía recolle algunhas propostas que o equipo da biblioteca considera axeitadas para que poidades regalar nestas festas

COLABORA CO NOSO OBXECTIVO DE:

ANIMAR Á LECTURA

www.ceip.antonio.vazquez@edu.xunta.es

O MELLOR AGASALLO....

UN LIBRO!

Recomendacións lectoras para:
Educación Infantil e Primaria Nadal
2010



BO
NADAL



PROSPERO

ANINOVO

2011

BIBLIOTECA
CEIP ANTONIO VÁZQUEZ



EDUCACIÓN INFANTIL




P DE PAPÁ. Isabel Martíns, Bernardo Carvalho, Kalandraka, 2007.
Un pai é capaz de transformarse nas cousas máis increíbles. Un libro sobre a complicidade entre papás e fillos, para rir, gozar e estreitar eses fermosos lazos.

ANDRES CABEZA ABAIXO. Pablo Albo. OQO.


O protagonista deste divertido conto é engulido por un ogro que na súa barriga tiña un dragón, que na súa barriga tiña un oso salvaxe, que tiña dentro un león famento...



O PAÍS DOS MANDÓNS Paloma Rodríguez. Editorial Embora.
Un conto que nos fala da igualdade entre as mulleres e os homes, da necesidade de que nenos e nenas constrúan xuntos un mundo no que todos/as poidan medrar



O EMBIGO DE XANECAS, Francesca Chessa, Ramón Aragües, OQO,
Xanecas ten 4 anos e está intrigado con ese burato que ten na barriga. Despois de escoitar mil explicacións mentireiras por fin mamá lle desvela a fermosa orixe da súa vida.



A BRUXA REGAÑADENTES Tina Meroto. Ed. OQO
Había unha vez tres irmáns que pasaban o día brincando dun lado para outro. A súa nai dicíalles que non fosen ao bosque porque nel vivía unha bruxa con dentes de ferro...

CORAZÓN DE MADRE, Isabel Minhos Martín, Bernardo Carvalho, Libros del Zorro Rojo.
O corazón dunha nai non é só un músculo que late sen parar. É un lugar máxico onde suceden as cousas máis extraordinarias...



PRIMEIRO CICLO




GRISELA, Arianne Faber, Pilar Martínez, Faktoría K,
Un día, Grisela atopouse moi triste, tan triste coma o seu pelame gris. Pensou que tiña que facer algo e colleu un bote de pintura vermella para pintarse dunha cor alegre e poñerse contenta

EL CAZO DE LORENZO Autora: e Ilustradora: Isabel Carrier Ed. Juventud
A autora cóntanos o día a día dun neno diferente: as súas dificultades, as súas cualidades, os obstáculos aos que se ten que enfrontar...Un conto metafórico para falar das diferenzas aos máis pequenos.



TE ASEGURO QUE LOS MONSTRUOS NO EXISTEN. Steve Samllman. Edit ELFOS
Teddy esta moi ledo: vai durmir soíño na súa habitación por primeira vez. Pero, ten un pouco de medo....

A GATIÑA ROSALINDA. Piotr Wilkon. Factoria K.
D. Casimiro e Dna Carolina veñen dunha familia de gatos de moito aquel. Hai tempo que agardan ansiosos ter descendencia. E por fin chega o día esperado



AS CINCO AMIGAS. Maruxa Olavide Everest.
Nunha vila moi pequena viven cinco amigas algareiras, que xa non saben que facer para ocupar o tempo libre

HANSEL Y GRETTEL. Adapt: Victor Escandel. Edit Parramón
Unha casa feita de lambetadas. Ai que ganas de comela toda! Pero Hanse e Gretel caeron na trampa dunha bruxa malvada. Que coidado hai que que ter!




SEGUNDO CICLO



A FILLA DO LADRÓN DE BICICLETAS Teresa Fernández Costa Ed. Xerais
Serafina, que é filla dun ladrón de bicicletas, quere ser equilibrista nun circo, con Celerífera, a súa bicicleta.

XOA Antonio Yáñez Casal. Xerais.

Cando Xoa naceu houbo festa rachada, había moito tempo que non nacera unha xoaniña e todos querían celebralo. Se queres saber máis sobre a vida dunha xoaniña moi especial, este é o teu libro



TRES VOLTAS AO PLANETA Autores: Ana María Fernández e Xoán Babarro. Ed. Everest
Érase un Contiño pequeno e rebuldeiro, rebelde e poeta, que vivía illado no máis alto da estantería sen que ningún neno ou nena o puidese ler. Un día saltou do andel e foise coñecer mundo

NERA, A FERREIRA. Imelda Barrio Santamaria. Edit Bahía

Nera naceu nun momento especial, era xusto coando o consello de fadas se reunía para outorgar un desexo á persoa que chegase ao mundo esa noite. Pero, cal sería o mellor desexo para conceder?



EL GRAN LIBRO DE LAS BRUJAS. Antonio Tello. Edit. Parramón
Descubre o mundo no imperan 13 das innumerables bruxas da historia. É o mundo do mal, do escuro, que non che deixara nin un minuto indiferente

CONTOS PARA NENOS QUE SE DORMEN DESEGUIDA. Pinto & Chinto. Kalandraka

Os contos para antes de durmir han de ser curtos, e non como aquel tan longo que, cando o acabas de contar, xa era hora de que o neno fose o colexio

